



ASOCIACIÓN VIGUESA
DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE
DE PONTEVEDRA

MEMORIAS 2020



ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Datos oficiais de AVEMPO.....	4
3. Servizos e actividades.....	5
○ Servizo de Fisioterapia.....	5
○ Servizo de Terapia Ocupacional.....	6
○ Servizo de Logopedia.....	8
○ Servizo de Psicoloxía.....	10
○ Servizo de Traballo Social.....	11
○ Departamento de Comunicación.....	13
○ loga.....	14
○ Obradoiro de expresión plástica e visual.....	14
○ Pilates.....	15
4. Número de persoas que asisten aos servizos e actividades.....	15
5. Número de socios/as AVEMPO.....	17
6. Persoal contratado ao longo do ano 2020.....	17
7. Outros recursos humanos.....	18
8. Actividades destacadas ao longo do ano 2020.....	18
9. Outras actividades derivadas da pandemia.....	20
10. Axudas e subvenciones recibidas ao longo do ano 2020.....	28
11. AVEMPO nos medios de comunicación.....	29
12. Balance económico 2020.....	37

1. INTRODUCCIÓN

O ano 2020, foi un ano de cambio, de reinventarse e seguir prestando servizos con moitas novidades.

Dende xaneiro ata o 14 de marzo a entidade seguiu ofrecendo os mesmos servizos e actividades que en anos anteriores: fisioterapia, terapia ocupacional, logopedia, atención social e psicolóxica, ioga, pilates, meditación e o obradoiro de expresión plástica e visual.

A partir de esta data, declarouse o estado de alarma derivado da situación de pandemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2 e comezamos un arduo traballo para seguir prestando servizos aos nosos asociados/as.

A metade do equipo (3 traballadores) entraron en ERTE, permanecendo dúas persoas en ERTE total e unha en ERTE parcial dende o 10 de abril ao 14 de setembro.

Aínda así, e con todas as dificultades vividas pola situación de pandemia a entidade comezou a:

- Facer vídeos dos diferentes servizos e actividades para seguir mantendo unha rehabilitación integral.
- Atención telefónica 10 horas ao día para todas aquelas persoas que necesitasen falar ou asesoramento e información.
- Apareceu un novo formato de telesección de todos os servizos.

E por fin chegou o día esperado, 1 de xuño retomamos a actividade presencial, seguindo un estrito protocolo elaborado pola entidade: <http://avemppo.org/protocolo-general-para-la-reanudacion-de-la-actividad-y-la-prevencion-del-covid-19/>.

A nosa forma de traballar xa non era a mesma: as actividades grupais suspendéronse todo o ano, todos os servizos pasaron a prestarse nunha modalidade mixta (online e presencial), dependendo das necesidades de cada persoa usuaria.

A pesar de toda a situación a entidade non deixou de traballar e prestar servizos e organizar actos de xeito virtual como foron o “Móllate” e a “VIII Carreira Solidaria pola Esclerose Múltiple”.

A continuación procedemos a detallar a labor da entidade durante o ano 2020.

2. DATOS OFICIAIS DE AVEMPO

Presidente: Miguel Ángel Sánchez Prián. DNI 32650102-S.

Dirección: Rúa Camilo Veiga, 44 Baixo 36208. Bouzas. Vigo.

Teléfono / Fax: 986 29 88 65 – 685 11 33 98.

E-mail: avempovigo@hotmail.com

Facebook: www.facebook.com/avemppo

Twitter: www.twitter.com/avemppo

Instagram: <https://www.instagram.com/avempovigo/>

Web: www.avemppo.org

Órgano de representación: Xunta Directiva:

Os seguintes titulares dos órganos de goberno e representación da devandita asociación, foron elixidos pola **assemblea xeral de data 17 de outubro de 2020**.

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTE	Miguel Ángel Sánchez Prián
VICEPRESIDENTA	Mónica Reguera Troncoso
SECRETARIO	Jorge Villar Loureiro
TESOUREIRO	Jacobo Caruncho Pérez
VOGAL	Lara María González Otero

Rexistros:

- Nº inscrición Rexistro de entidades prestadoras de Servizos Sociais. RUEPSS: E- 1111.
- Rexistro de entidades de acción voluntaria: O-577.
- Acreditación de inscrición no rexistro de Centros, Servizos e establecementos sanitarios da Comunidade autónoma de Galicia: C-36-001877. Dende o 01 de Agosto de 2012. Renovación en xullo de 2020.
- Rexistro Provincial: 1996/003990-1.
- Rexistro Municipal do Concello de Vigo: 546-97.

Asociación adherida a: AEDEM- COCEMFE.

Forma parte de: FEGADEM.

Entidade membro de: COGAMI.

3. SERVICIOS E ACTIVIDADES

SERVIZO DE FISIOTERAPIA

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Manter a máxima amplitude articular posible.	Cinesiterapia: activa, resistida, pasiva e activo-asistida.
Manter ou mellorar a forza muscular.	
Reeducar e manter os mecanismos posturais normais.	Utilización de métodos específicos de fisioterapia neurolóxica como Bobath e Perfetti.
Cando sexa posible reeducar o patrón da marcha.	Traballo da marcha, así como exercicios de propiocepción e coordinación.
Manter ou mellorar o estado do solo da pelve.	Exercicios de solo da pelve (Kegel, hipopresivos...).
Reeducar o patrón respiratorio e a mobilidade costal.	Exercicios respiratorios (activos e activo-asistidos).
Manter ou mellorar o estado dos tecidos brandos.	Estiramientos miotendinosos e masaxe terapéutica (analxésico, retorno venoso, relaxante...).
Proporcionar aos familiares e, o coidadores pautas para unha correcta mobilización do afectado.	Exercicios de mobilización e transferencias con familiares ou coidadores.

RESULTADOS OBTIDOS:

Ao longo do ano 2020, **asistiron ao servizo de fisioterapia 76 persoas** das cales: 4 son domicilios, 8 comezaron a realizar fisioterapia online e 64 acudiron ao local.

Novas valoracións: 17 Baixas no servizo: 18


Durante o ano 2020 debido á pandemia mundial ocasionada polo virus SARS-CoV-2 a asociación permaneceu pechada dende o 14 de marzo ao 1 de xuño respondendo ás recomendacións das autoridades sanitarias.

Durante este período, o servizo de fisioterapia continuou prestando servizos mínimos **ofrecendo sesións en liña aos usuarios interesados** susceptibles de recibir este modelo de telesesión. Ademais, realizouse unha serie de recomendacións tanto para usuarios como para coidadores de forma telemática.

Este novo modelo de sesión telemática continuou ofertándose unha vez aberta de novo a asociación para ofrecerllo a usuarios que por decisión propia non quixesen acudir ao centro pero si estivesen interesados en continuar o seu proceso de rehabilitación.

En canto a descrición xeral do servizo, ofreceuse fisioterapia de luns a venres. O servizo estivo cuberto por tres fisioterapeutas a tempo parcial cubrindo unha media de 68 horas semanais (62 no local e 6 horas en domicilios). Durante o período mencionado arriba, foi cuberto por dous fisioterapeutas durante 28h semanais.

Rehabilitación no local



SERVIZO DE TERAPIA OCUPACIONAL

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Crear ou facilitar as oportunidades necesarias para alcanzar a participación en toda as actividades incluídas nas Áreas da Ocupación, moi especialmente AVD e AIVD.	Valoración da participación nas Áreas Ocupacionais.
	Adestramento do desempeño das actividades das diferentes áreas ocupacionais nas que a participación da persoa usuaria se vexa dificultada.
Manter, restaurar, promover ou compensar as funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e destrezas cognitivas da persoa usuaria, mellorando a súa funcionalidade.	Valoración de: funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e destrezas cognitivas.
	Actividades encamiñadas a manter e mellorar as funcións sensorio-perceptuais, destrezas motoras e cognitivas alteradas.
Promover hábitos e rutinas saudables.	Formación en Estratexias de Conservación de Enerxía.
Asesorar e adestrar na colocación e uso dos Produtos de Apoio (PA) e/ou adaptacións que sexan necesarios e eficaces para manter ou mellorar a independencia funcional.	Valoración da necesidade/beneficio do uso de cada PA, prescripción, adaptación e adestramento do mesmo. Xestión dos trámites en colaboración coa traballadora social e o técnico ortoprotésico.
Adaptación do entorno físico da persoa usuaria especialmente da súa vivenda.	Valoración do fogar e supresión de barreiras arquitectónicas.

Intervir co entorno social e prioritariamente cos cuidadores principais coa finalidade de promover e manter adecuadas relacións de interdependencia.	Asesoramento e formación ao entorno social en estratexias de promoción da autonomía, estratexias de comunicación, estratexias de conservación de enerxía, produtos de apoio e hixiene postural.
Acercar mediante Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) o servizo aos usuarios e usuarias que non poidan acudir ao local a causa de condicionantes de saúde ou sociais.	Uso terapéutico de TIC.



RESULTADOS OBTIDOS:

Ao longo do ano 2020 ofertouse Terapia Ocupacional (TO) en AVEMPO cunha periodicidade de tratamento de 4 tardes á semana, de 16:00 a 20:00 a 20:15 horas.

O servizo estivo cuberto por unha Terapeuta Ocupacional a 16 horas 30 minutos semanais durante todo o ano, organizadas en sesións individuais de 30 minutos a 1 hora, unha ou dúas sesións semanais, todo iso en función das características da persoa.

Os primeiros meses do ano foron herdeiros da dinámica do ano saínte, cunha frecuencia media programada de 6-8 sesións/día. Neste período **prestouse atención en materia de TO a 27 persoas usuarias** de forma continuada.

A causa da crise sanitaria que supuxo a chegada da COVID-19 e seguindo as recomendacións das autoridades responsables, dende o 14 de marzo ao 31 de maio a asociación permaneceu pechada á actividade presencial. Durante este período, do mesmo xeito que sucedeu cos outros servizos, mantívose a atención en materia de **TO en liña, de forma telemática**, no marco do programa denominado **AVEMPO-Contigo**.



- **AVEMPO-Contigo TO GRUPAL:** graváronse 2 vídeo-tutoriais con recomendacións e actividades para o confinamento que se fixeron chegar a todos os usuarios e usuarias do servizo e mesmo a moitas socias e socios que nese momento non eran perceptores. Tamén se crearon, en colaboración co resto do equipo técnico, 9 infografías con recomendacións, actividades e retos semanais de diversa índole para estimular o mantemento da vida activa e o estado de ánimo.
- **AVEMPO-Contigo TO INDIVIDUAL:** mantívose a atención semanal en formato *telesesión*, a aquelas persoas usuarias perceptoras de algunha modalidade de intervención susceptible de ser

abordada por esta vía e que posuían os coñecementos e medios técnicos axeitados. Así, prestouse atención personalizada en liña en materia de TO de forma continuada a 8 persoas usuarias.

Co proceso de desescalada e o inicio da denominada *Nova Normalidade*, chegou a reapertura do local o 1 de xuño, inaugurándose **unha nova etapa na que conviviron as sesións presenciais coas tele sesións**.

- A causa da modificación de horarios imposta polos requisitos do protocolo de prevención da COVID19 e a necesidade de coordinación cos demais servizos no marco das mesmas, a frecuencia media programada de TO en AVEMPO pasou a ser de 4 sesións/día. Así, a maioría das persoas usuarias viron sutilmente incrementada a duración de cada sesión, pero diminuída a súa frecuencia de asistencia. Deste xeito, prestouse atención personalizada en materia de TO a 21 usuarias e usuarios, 18 deles de forma continuada.
- Neste período, solo unha usuaria foi atendida exclusivamente de forma telemática. Con todo, realizáronse un total de 23 tele sesións a outras persoas usuarias que, aínda que asisten habitualmente ao local, de xeito puntual non puideron facelo e optaron por esta vía alternativa de tratamento.



Ao longo de todo o ano fixéronse 5 valoracións iniciais a novos socios, dos cales 4 pasaron a ser beneficiarios activos con asistencia periódica. Producíronse 7 baixas no servizo directa e exclusivamente derivadas da decisión de non acudir ao centro de algúns socios e socias especialmente vulnerables no contexto da pandemia e 4 baixas máis por outras causas.

SERVIZO DE LOGOPEDIA


OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Adquirir e xeralizar a respiración diafragmática: Co obxectivo de aumentar a capacidade vital para así diminuí-la fatiga, aumentar o tempo de fonación e intensidade de voz e previr ou trata-la patoloxía vogal.	Ejercicios respiratorios con velas, pelotas, globos e incentivadores de soplo. Cocienciación da respiración diafragmática en padiola e sentados.
Estimular e tonificar a musculatura orofacial. Para aumenta-la tonicidade da musculatura implicada	Praxias no espello, masaxes, terapia miofascial, estimuladores e crioterapia.

na fala, deglución e na expresión oral.	Terapia miofuncional
Mellorar a fala e articulación para mellorar o nivel de intelixibilidade do discurso.	Lectura de textos.
Mellorar a coordinación fono respiratoria.	Lectura en voz alta de textos coordinando a fonación coa respiración.
Axustar parámetros acústicos de voz (intensidade, ton e timbre).	Lectura de textos, trabalenguas y poesias.
Previr e tratar dificultades deglutorias.	Pautas deglutorias e exercicios de movilidad do velo do padal.
Estimular a linguaxe a nivel de expresión e comprensión.	
Ofrecer sistemas alternativos de comunicación.	Pc, tablet y móviles.
Mellorar a calidade de vida do paciente.	

RESULTADOS OBTIDOS:

■ Os trastornos máis frecuentes pertencentes á area da logopedia en pacientes con EM foron:

- Alteracións da voz.
- Alteracións respiratorias.
- Trastornos da fala.
- Trastornos da linguaxe oral/ lectoescritura.
- Trastornos da cognición.
- Trastornos na deglución.



Dende o departamento de logopedia realízase a avaliación, diagnóstico e tratamento dos devanditos trastornos co fin de mellorar as funcións danadas e facilitar a maximización das súas posibilidades comunicativas. O departamento de logopedia está composto por un profesional que realiza sesións de 30 min, unha ou dúas veces por semana. Durante o ano 2020 **atendéronse a 13 usuarios** ata marzo (9 mulleres e 4 homes). Dende marzo ata xuño a asociación pechou polo COVID.

Dende xuño ata decembro coas novas medidas de seguridade atendéronse 8 usuarios (4 homes e 4 mulleres).

SERVIZO DE PSICOLOXÍA

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Acollemento e exploración.	Avaliación e diagnóstico clínico.
Dotalo afectado e seus familiares de ferramentas coas que afrontar con maior estabilidade e capacidade de integración as consecuencias da EM.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual e familiar.
Posibilitalo desenvolvemento dos recursos necesarios para desfrutar dunha calidade de vida que non queda sometida ás fases da enfermidade.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual.
Conseguir unha maior capacidade de control dos pensamentos negativos, das respostas ante o estrés e da ansiedade.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual. Técnicas de relaxación e respiración.
Melloralo estado de ánimo, incrementar a valoración persoal, e desenvolver un enfoque positivo e construtivo que inflúa na capacidade de acción.	Tratamento ou intervención clínica de aplicación individual e familiar.
Optimización das relacións familiares e sociais.	Adestramento en adquisición de habilidades sociais e comunicativas.


RESULTADOS OBTIDOS:

Debido ás circunstancias derivadas da situación de pandemia producida por SARS-CoV-2, realizáronse cambios na metodoloxía de traballo, implementando asistencia en liña e teletraballo cando sexa necesario.

O servizo de psicoloxía realizouse os martes cubrindo unha media de 6 horas semanais.


Durante o ano 2020 foron **atendidas neste servizo 32 personas**, das cales 29 eran afectados e 3 familiares. Atendéronse a mais mulleres que homes, 20 e 12 respectivamente.

Usuarios atendidos



■ Afectados

Discriminación por sexo



■ Hombres
■ Mujeres

SERVIZO DE ATENCIÓN SOCIAL

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES REALIZADAS
Detectar as necesidades existentes nos afectados de EM e os seus familiares. Informar e orientar hacia os recursos sociais existentes necesarios para mellorar a súa situación social e persoal.	Información e orientación a afectados de esclerose múltiple e o seu entorno.
Informar sobre diferentes cuestións relacionadas con: incapacidade laboral, adaptación da vivenda, orientación formativa laboral, etc. Xestionar as demandas dos afectados.	
Organización de campañas de sensibilización e captación de fondos. Coordinación e organización de Grupos de Autoaxuda xunto coa psicóloga.	Relacións coa administración e outros axentes sociais. Planificación e execución de proxectos.
Planificación e execución de proxectos. Potenciar a autonomía persoal dos afectados/as.	
Fomentar la integración na Comunidade. Correxir a situación de falta de información, relacionada coa enfermidade.	Tramitación de recursos sociais existentes na zona. Principais solicitudes: (Ver gráfico na páxina seguinte).
Coordinar, xestionar e enviar aos usuarios, toda a información/materiais realizada polo equipo multidisciplinar durante o peche da entidade.	
	Envío de información, videos de servizos, infografías e outro material as persoas usuarias e socias da entidade.


RESULTADOS OBTIDOS:

O ano 2020 o servizo de atención social estivo cuberto por dous traballadores sociais: unha a xornada completa e outro 19,15 horas semana. Dende o 10 de abril ao 14 de setembro a traballadora contratada a xornada completa entra nun ERTE parcial.

Realizaronse de **xeito presencial 25 entrevistas iniciais e 38 de seguimento** e tramitación de recursos. A canle máis empregada de comunicación para solicitar información e orientación foi a vía telefónica.

Dende o 14 de marzo ao 01 de xuño que a entidade estivo pechada realizáronse:

- 120 chamadas de seguimento.
- 25 chamadas de consultais de recursos sociais.
- 30 chamadas recibidas coa funcioanlidade de acompañemento.
- Envío de xeito individualizado e continuado do material realizado polo equipo profesional:
 - 15 vídeos do departamento de rehabilitación: psicoloxía, terapia ocupacional, logopedia e fisioterapia.
 - 3 infografías.
 - 6 retos.
 - Información da sociedade de neuroloxía.
 - Tramitación de recursos sociais:



Os afectados de esclerose múltiple acoden a asociación e ao servizo de traballo social derivados polos neurólogos e outros servizos sociais tanto comunitarios como sanitarios, o cal facilita un traballo en rede e en consecuencia, unha mellora a distintos niveis (físico, social, psicolóxico), tanto do afectado coma do seu entorno.

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

OBXECTIVOS:

- Aumentar a visibilidade de Avempo entre os seus diferentes públicos obxectivos: socios de Avempo, persoas afectadas de Esclerose Múltiple que non son socias, persoal sanitario, administracións públicas, entidades privadas e poboación en xeral.
- Amosar, de maneira máis ampla e pormenorizada, a labor que se realiza dende a entidade: difusión dos servizos ofrecidos, da actividade diaria da asociación e dos eventos organizados.
- Favorecer unha opinión positiva da asociación entre os públicos máis reticentes, como as persoas recentemente diagnosticadas.
- Aumentar o número de socios que se involucran nas actividades propostas.
- Manter unha imaxe actualizada da asociación, que é capaz de adaptarse ós cambios que suceden no entorno para seguir ofrecendo servizos de calidade e apoio ós seus socios.
- Conservar unha comunicación fluída e próxima cos socios na situación de crise provocada polo Coronavirus, aproveitando as novas posibilidades que ofrece o marco dixital.

ACTIVIDADES REALIZADAS:

- Realización e maquetación da “Guía de Comunicación de AVEMPO”.
- Xestión das redes sociais da asociación: Facebook, Twitter e Instagram.
- Deseño e creatividade de diferentes “landing page” para promocionar os eventos organizados.
- Redacción e envío de notas de prensa e contacto telefónico cos medios de comunicación.
- Creatividade e deseño de cartelería (formato “on-line”) para os diferentes eventos e actividades organizadas pola asociación.
- Edición de videos para a promoción e apoio dos eventos nas redes sociais.
- Creatividade e deseño de “merchandising” de eventos.
- Creación de contidos “on-line” para as redes sociais.
- Deseño e envío de “mailinigs” para a promoción dos eventos organizados.

RESULTADOS OBTIDOS:

- **O número de seguidores nas redes sociais da asociación incrementóuse** no ano 2020. Twitter pasou de 507 a 679, Facebook pasou de 2.744 a 2.877 e Instagram rexistrou 518 seguidores.
- Os medios de comunicación (televisión, radio, prensa escrita e dixital) fanse eco dos diferentes eventos e actividades organizadas por Avempo. Entre eles cabe destacar a aparición nos:
 - Principais xornais galegos: Faro de Vigo, La Voz de Galicia, Atlántico Diario. Cun seguimento especial do Atlántico Diario na “VIII Carreira Solidaria pola EM”.
 - Radios rexionais máis relevantes: Radio Nacional, La Ser, COPE, Radio Marca.
 - Prensa dixital de ámbito nacional: El Español (“Treintayseis”).
- No 2020 tamén **incrementaron as visitas da páxina web da asociación**. A páxina de inicio pasou, nun ano, **de 17.918 a 26.460 visitas**. A “landing page” “Eu Móvome pola EM” xerada para promocionar a “VIII Carreira Solidaria pola EM” tivo 3.987 visitas en dous meses, sendo a páxina máis visitada dentro da web despois da páxina de inicio.

LOGA

A actividade levouse a cabo os mércores de 11:00 a 13:00 horas. Durante o ano 2020 **asistiron unha media de oito persoas**.

A actividade foi suspendida en marzo e non se volveu a retomar en todo o ano.

Obxectivos:

- Ser conscientes das tensións e relaxarse.
- Estirar e fortalecer os músculos.
- Mellorar a flexibilidade e o equilibrio

OBRADOIRO DE EXPRESIÓN PLÁSTICA E VISUAL

A actividade levouse a cabo os xoves de 10:30 a 13:30 horas. Está dirixida a todos os socios da asociación que o desexen. Durante o ano 2020 **asistiron unha media de dez persoas**.

A actividade foi suspendida en marzo e non se volveu a retomar en todo o ano.

Obxectivos:

- Expresar as súas emocións a través do arte.
- Fomentar a creatividade.
- Potenciar as destrezas cognitivas e manuais.
- Fomentar as relacións sociais.

PILATES

A actividade levouse a cabo os luns e martes de 20:00 a 21:00 horas. Hai **dous grupos que están compostos de cinco / seis persoas cada un**.

A actividade foi suspendida en marzo e non se volveu a retomar en todo o ano.

Obxectivos:

- Aliviar a dor muscular.
- Mellorar a postura.
- Mellorar o estado físico xeral e emocional.

4. NÚMERO DE PERSOAS QUE ASISTEN OS SERVIZOS E ACTIVIDADES

Durante o **ano 2020** acudiron aos servizos, que dende AVEMPO se prestan, unha **media de 287 persoas**.

- Fisioterapia: 76 persoas.
- Terapia Ocupacional: 32 persoas.
- Logopedia: 13 persoas.
- Psicoloxía: 32 persoas.
- Atención social: 105 persoas.
- Pilates: 11 persoas.
- Ioga: 8 persoas.
- Pintura: 10 persoas.




Gráfico “*Persoas que asisten a servizos de atención integral*”.

Fonte: elaboración propia de AVEMPO.

5. NÚMERO DE SOCIOS/AS

TIPOS DE SOCIOS/AS			
Nº total de persoas afectadas	252	Nº de homes afectados	83
		Nº de mulleres afectadas	169
Nº de colaboradores (familiares/entorno)	216	Nº de homes	75
		Nº de mulleres	141
Outros: (especificar): Empresas	1		
Nº de total de socios/as	469		

Tabla “Socios/socias DE AVEMPO a 31 de decembro de 2020”. Fonte: elaboración propia de AVEMPO.

6. PERSOAL CONTRATADO AO LONGO DO ANO 2020

Profesional	Nº de horas/semana	Tipo de contrato
Traballadora Social	38,5	Contrato indefinido (ERTE parcial do 10 de abril ao 14 de setembro).
Traballador social	19,15	Contrato por obra e servizo. Programa de Cooperación.
Fisioterapeutas	19,15	Contrato por obra e servizo. Programa de Cooperación.
	30	Contrato por obra e servizo. De xaneiro a marzo e de xuño a decembro.
	23-25 8,50	Autónomo. De xaneiro a marzo e de xuño a decembro. Contratación por AEDEM COCEMFE.
Terapeuta Ocupacional	16,50	Contrato por obra e servizo.
Psicóloga	6	Contrato indefinido (ERTE total e posteriormente

		parcial do 10 de abril ao 14 de setembro).
Logopeda	6	Contrato indefinido. (ERTE total e posteriormente parcial do 10 de abril ao 14 de setembro).
Técnica de Comunicación	19	Contrato por obra e servizo. De xaneiro a marzo e de xuño a decembro.
Profesora de Pintura	3	Contrato por obra e servizo (Desde xaneiro ata abril por finalización do contrato).

Tabla “Profesionais de AVEMPO”. Fonte: elaboración propia de AVEMPO.

7. OUTROS RECURSOS HUMANOS

- Monitora de loga. Voluntaria 2 horas/semana (de xaneiro a marzo).
- De febreiro a marzo, alumna en prácticas da Universidade de Vigo da Facultade de Ciencias da Educación e o Deporte.
- Técnica de comunicación voluntaria de marzo a xuño 5 horas/semana.
- Voluntarios virtuais “Móllate”.
- Voluntarios virtuais “VIII Carreira Solidaria pola Esclerose Múltiple”.

8. ACTIVIDADES DESTACADAS AO LONGO DO ANO 2020

Difusión, sensibilización e divulgación

- 12/07/2021: **MÓLLATE POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE** celebrouse por terceiro ano consecutivo e con máis forza que nunca. En las anteriores edicións a solidariedade inundaba la praia de Samil con actividades acuáticas e chapuzóns pola Esclerose Múltiple. Pero este ano reinventámonos e adaptámonos o “Móllate” ás novas circunstancias, celebrando a versión máis dixital do evento: <http://avemppo.org/mollate-pola-em/>

- 03/12/2020: Participación na campaña polo Día Internacional da Discapacidade “Baixo o mesmo paraugas”.
- 18/12/2020: Campaña en redes sociais para reivindicar os dereitos das persoas con Esclerose Múltiple: “18 DIC - #DíaNacionalEsclerosisMúltiple”.

Captación de fondos

- 14/01/2020: Donación solidaria de dúas obras de arte de Diana Cordero: unha delas foi puxada por importe de 100€ e a outra está na entidade a espera de algunha persoa interesada.
- 03-11/02/2020: Realización de dúas Porras solidarias de Carnaval.
- 24/02/2020: Organización cea solidaria de carnaval. Anulación por falta de asistentes.
- 22-29/11/2020: **VIII CARREIRA SOLIDARIA POLA ESCLEROSE MÚLTIPLE** celebrouse por primeira vez na modalidade virtual con case **700 inscritos**. Web: <http://avempo.org/eu-movome/>

Outras actividades

- 07/01- 12/03: Inicio do Obradoiro de meditación.
- 07/01- 12/03: Inicio do Obradoiro de merchandising artesanal.
- 01/09- 20/12: Distribución da Lotaría de Nadal.
- 12/11/20: Sinatura de convenio coa “Clínica de Neurorrehabilitación Cortex”.
- 12/12/20: Colaboración na exposición fotográfica “Retrato en la fotografía de conciertos”.

Reunións

- 07/02/2020: Reunión coa Concelleira da Área de Política de Benestar Social e Cies Patrimonio da Humanidade, para presetalrle o proxecto que temos previsto para maio “Barbería Solidaria” (acto anulado pola pandemia).
- 17/10/2020: Celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, na que se convocaban eleccións e se decidiu a nova composición da Xunta Directiva.

9. OUTRAS ACTIVIDADES DERIVADAS DA PANDEMIA. REALIZADAS DE MAIO A XUÑO

Debido a nova situación derivada da pandemia dende a entidade tivemos que adaptarnos rapidamente para seguir prestando atención aos nosos usuarios.

9.1. Obxectivos :

ADAPTAR A ENTIDADE AO ÁMBITO DIXITAL para seguir ofrecendo os servizos que melloren a calidade de vida das persoas afectadas de Esclerose Múltiple.

- **MANTER o CONTACTO DIRECTO COAS PERSOAS AFECTADAS** así como cos seus familiares e/o coidadores, para acompañalas durante o confinamento.
- **FOMENTAR A ACTIVIDADE FÍSICA E MENTAL.**
- **OFRECER RECURSOS** para afrontar o confinamento.
- Manter a os nosos usuarios e usuarias e a a poboación con EM da **ACTUALIDADE INFORMATIVA SOBRE A COVID-19.**
- **CONCIENCIAR A LA POBLACIÓN** sobre os problemas derivados da Covid-19 para as persoas con Esclerose Múltiple e para as entidades.
- **OFRECER DISTINTOS PUNTOS DE VISTA DA ENFERMEDADE:** dende o propio paciente, dende os seus familiares e coidadores, e dende o ámbito profesional, para concienciar a sociedade sobre a ‘enfermedade das mil caras’.

9.2. Iniciativas levadas a cabo:

- **“AVEMPO CONTIGO”** é a adaptación dos servizos que ofrece a nosa asociación ao contexto dixital para poder seguir ofrecéndolle as persoas con EM durante o período de confinamento a través dun seguimento persoal e individualizado. A través do servizo de videochamada, as persoas afectadas por EM e os seus familiares contactaron cos distintos profesionais da asociación para manter teleconsultas de **ATENCIÓN PSICOLÓXICA E SOCIAL**, así como recibir sesións de servizos tan imprescindibles como a **FISIOTERAPIA**, a **LOGOPEDIA** ou a **TERAPIA OCUPACIONAL**, que melloran a calidade de vida dos pacientes.



En paralelo, o equipo profesional de AVEMPO elaborou diversos vídeos dirixidos ás persoas con EM con exercicios e consellos para afrontar a rutina durante o confinamento, dende o punto de vista físico, emocional e mental.

A iniciativa foi difundida a través das Redes Sociais da asociación e vía WhatsApp, para explicar ás persoas con EM e os seus familiares o funcionamento do servizo, así como consellos para afrontar o confinamento:

ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MÚLTIPLE DE PONTEVEDRA

#YOMEQUEDOENCASA

Y MIENTRAS TANTO... ¿QUÉ HAGO?



CONSERVA TUS RUTINAS

Permanecer en casa no tiene ni debe convertirse en sinónimo de estar inactivo. Trata de planificar lo que vas a hacer a lo largo del día, manteniendo todos tus hábitos en la medida de lo posible (arreglo personal, organización de la casa, etc.) o adaptándolos a esta nueva situación.

MUEVE TU CUCU

No dejes que la cama ni el sofá te atrapen: aprovecha cualquier momento para moverte un poco. Intenta recordar los ejercicios y actividades que haces con nosotros en AVEMPO y, si es posible, repítelos. Utiliza tu ingenio para adaptar los materiales de tu hogar para ello.



NO TE AISLES

La recomendación actual es limitar al máximo las salidas de casa no imprescindibles y, por tanto, las actividades sociales. Pero esto no debe impedirte mantener el contacto con tus personas cercanas: llamadas, videoconferencias, redes sociales... No dejes pasar más de un día sin charlar con alguien.

NO TE COMAS EL COCO

Es bueno mantenerse al día, pero saturarnos de información puede llegar a ser estresante y provocar alarma innecesaria. Consulta siempre fuentes oficiales y procura limitar el tiempo que dedicas a las noticias sobre la epidemia. Mejor aún: dedícalo sobre todo a contenidos que te entretengan o te diviertan.



AVEMPO CONTIGO

Para seguir trabajando por vuestro bienestar, estamos intentando crear métodos y recursos que se adapten a la situación actual, también novedosa para nosotros. Os mantendremos informados de todas las novedades y, como siempre, podéis contactar con nosotros en:

 685113398  avempovigo@hotmail.com



AVEMPO CONTIGO

Servicio de teleconsultas con nuestros profesionales



¿Qué es?

El programa AVEMPO CONTIGO es una nueva forma de contacto entre los socios de AVEMPO y los profesionales de los diferentes servicios de la asociación adaptada a las medidas de aislamiento: la VIDEOLLAMADA.




¿Para qué se utiliza?

- Seguimiento personalizado.
- Teleconsultas:
 - Atención Psicológica.
 - Atención Social.
- Sesiones on-line:
 - Fisioterapia.
 - Logopedia.
 - Terapia Ocupacional.



¿Cómo se accede?

- 1 Necesitas un ordenador o móvil con conexión wifi y cámara delantera.
- 2 Llama o envía un WhatsApp al **685113398** manifestando tu interés en participar y en qué servicios estarías interesado o interesada.
- 3 AVEMPO te enviará un enlace para que descargues la app **Skype**.
- 4 Una vez la hayas descargado, te pondremos en contacto con tus profesionales de referencia.
- 5 ¡Todo preparado para acceder a esta nueva experiencia interactiva!



Ademáis, dende AVEMPO fixemos chegar ás persoas con EM **RECOMENDACIÓNS DE RECURSOS DIXITAIS** para poder estar activas mentalmente durante o confinamento.

APP PARA REHABILITACIÓN COGNITIVA

Te presentamos las app de rehabilitación cognitiva más utilizadas por los usuarios de AVEMPO para aumentar su reserva cognitiva.

De todas ellas, destacamos las que cumplen con los requisitos:

- Contar con aval científico
- Incluir evaluación para personalizar las actividades.
- Complejidad creciente.


¿Te animas a probarlas?





A vez que ofrecíamos os servizos, dende o departamento de comunicación **COMPARTIAMOS INFORMACIÓN FIABLE SOBRE A PANDEMIA** da Covid-19 e as distintas publicacións que facían referencia a Esclerose Múltiple, sempre basados en fontes oficiais como o Ministerio de Sanidade, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, a Sociedade Española de Neuroloxía (SEN) ou a Federación Internacional de Esclerose Múltiple.

- **“AVEMPO RETOS”**: para activar ás persoas que conviven coa EM e fomentar a súa actividade durante o confinamento, ao largo do mes de abril e parte de maio lanzamos os ‘AVEMPO retos’, unha serie de propostas de actividades que animamos a realizar aos nosos usuarios para acompañalos, actualos e fomentar a súa participación activa.



Cada semana, dende a asociación propuxemos un reto a través das nosas redes sociais, animando aos pacientes a realizar as actividades propostas e facéndonos chegar unha fotografía ou vídeo da súa realización. Os gañadores de cada AVEMPO-reto, recibiron un premio. Retos propostos:

AVEMPO-RETO 1




Una foto o vídeo practicando alguno de los ejercicios o actividades que os han enviado nuestros teletrabajadores

TIENES HASTA EL **02 ABRIL** PARA PARTICIPAR

¡LAS MEJORES TENDRÁN PREMIO!

AVEMPO-RETO 2



¿Nos dejamos llevar por la *Fiebre Pastelera*?

Envíanos una foto o vídeo de tu mejor postre... ¡ñam ñam!

TIENES HASTA EL **15 ABRIL** PARA PARTICIPAR

¡LAS MEJORES TENDRÁN PREMIO!

AVEMPO-RETO 3




¿Y si echamos a volar la imaginación?

Envíanos una foto de tus creaciones artísticas siguiendo las recomendaciones de nuestra profesora de pintura Lucía.

TIENES HASTA EL **22 ABRIL** PARA PARTICIPAR

¡LAS MEJORES TENDRÁN PREMIO!

AVEMPO-RETO 4



Déjate llevar por esa canción que siempre consigue motivarte y envíanos una foto o vídeo cantando, haciendo playback, bailando...

¡QUÉ EL RITMO NO PARE!

TIENES HASTA EL **29 DE ABRIL** PARA PARTICIPAR

¡LAS MEJORES TENDRÁN PREMIO!



- **“CONÉCTATE CON AVEMPO”**: tivo lugar durante o mes de maio con motivo da celebración do Día Mundial da Esclerose Múltiple. Sumámonos ao tema principal deste Día Mundial, as **CONEXIÓN EM**, para dar voz e poñer en valor as distintas conexións que se establecen dende o momento no que unha persoa recibe o diagnóstico desta enfermidade e cómo estas axudan a mellorar a súa calidade de vida.



A través de catro conexións, conversamos no noso canal de **YOUTUBE** con algunhas das persoas que forman parte da comunidade EM para **coñecer de primeira man a realidade da enfermidade**. Persoas afectadas, familiares e coidadoras e profesionais da asociación e o hospital conectáronse con AVEMPO para mostrarnos a cara máis humana da ‘enfermida das mil caras’.

<http://avemppo.org/conexionesem/>

10. SUBVENCÍONS E AXUDAS RESOLTAS AO LONGO DO 2020

Financiación Pública:

- **Consellería de Economía, Emprego e Industria. Secretaría Xeral de Emprego.** Subvencións para a contratación de traballadores desempregados polas entidades sen ánimo de lucro. **Importe concedido: 28.353€.** Proxecto: “Atención Sociosanitaria en Esclerose Múltiple”. Contratación de un fisioterapeuta, 28,53 horas semana (75% da xornada) e un auxiliar administrativa 19,15 horas/semana (50% da xornada), durante 12 meses. Proxecto a executar dende o decembro 2020 a decembro 2021.
- **Deputación de Pontevedra. Cohesión Social e Xuventude.** Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito dos servizos sociais, sociosanitarios e da xuventude na provincia de Pontevedra no ano 2020. **Importe concedido: 5.223,56€.** Proxecto “Rehabilitación en Esclerose Múltiple a través da logopedia e a psicoloxía”. Axuda para os costes derivados do servizo de psicoloxía e logopedia no ano 2020.
- **Concello de Vigo: Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos.** Subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro 2020. **Importe concedido: 9.282,08€.** Contratación de una técnica de comunicación (19 horas/semana) e unha fisioterapeuta (30 horas/semana). Proxecto a executar dende xuño a setembro 2020.
